

**CC00****INFORMA**

PERSOAL RESIDENTE: GARDAS E COMPLEMENTO RETRIBUTIVO

Na Mesa Sectorial extraordinaria do 18 de setembro abórdanse dous temas que afectan ao **persoal residente**:

1. **Complemento de residencia.** Proponse a creación dun complemento de **120 €/mes para residentes A1** e **90 €/mes para residentes A2**, cunha implantación progresiva ata 2029.

CCOO valora positivamente a medida, por contribuír á captación de persoal residente fronte a outras Comunidades Autónomas.

2. **Retribución da 5.^a garda e sucesivas (residentes A1).** Proponse incrementar a retribución por hora de garda, en función do ano de residencia, para a 5.^a garda e sucesivas.

CCOO comparte o incremento retributivo, pero advirte na Mesa Sectorial do risco de que esta medida supoña un aval para **sistematizar a realización de máis de 5 gardas mensuais**.

CCOO lémbrale ó SERGAS que **non existen circunstancias asistenciais que xustifiquen máis de cinco gardas mensuais durante o período de formación**, número establecido no Acordo MIR de 2007 asinado por **CCOO**, e que así debe recollerse na proposta.

18 de setembro de 2026

<<< CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CC00 >>>



Páxina Web: sanidad.ccoo.es/galicia



Facebook: facebook.com/CCOO.Sanidade.Galicia



Instagram: @ccoosanidadegalicia



X (Twitter): @ccoofssgalicia